
Rama de coñecemento

Ciencias sociais e xurídicas

Prazas

120

Créditos ECTS anuais

60

Créditos ECTS totais

240

Descrición

Os graduados/as en Comercio adquirirán competencias que lles permitan desenvolver unha pluralidade de actividades de xestión integral de empresas. Farase especial fincapé no aspecto comercial; de comunicación e negociación en ámbitos internacionais na propia lingua ou en linguas estranxeiras; de dirección de equipos

interdisciplinarios e de vendas; de xestión de bases de datos, en particular de clientes/as para captalos, retelos ou fidelizalos de xeito sostible para a empresa. O Grao en Comercio pertence ao campo de estudos en empresa, que é o que goza da maior demanda laboral.

Saídas profesionais

- Departamentos comerciais, contables ou financeiros
- Loxística
- Fiscal
- Comercio exterior
- Responsable de xestión integral

- Actividades vencelladas ao comercio como responsable comercial, de mercadotecnia, de vendas, de produto, de distribución
- Persoal técnico comercial do Estado

+ Info

Combínanse tres compoñentes no grao: orientación á mercadotecnia, coñecementos sobre o conxunto de áreas e tarefas da empresa (xestión, fiscalidade, contabilidade, finanzas, xestión de persoal) e unha serie de materias xerais que achegan coñecementos

e competencias para un gran número de postos laborais: idiomas, informática, dereito laboral e mercantil, habilidades persoais e directivas, xestión de axudas públicas...
